

Alvaro del Portillo, recordando en Fátima (Vigo)

O próximo martes 23 de marzo, as 20 horas, celebrarase unha eucarística na parroquia de Nosa Señora de Fátima por Alvaro del Portillo, primeiro sucesor do fundador do Opus Dei co gallo do aniversario do seu falecemento o 23 de marzo de 1994.

23-03-2010

Dende entón, veuse celebrando a misa nos aniversarios tanto en Vigo coma noutras cidades galegas. O oficiante principal este ano será Ángel Lasheras, vicario do Opus Dei para Galicia. Alvaro del Portillo participou no Concilio Vaticano II así como nalgunhas das súas comisións preparatorias, foi o primeiro sucesor de san Josemaría Escrivá ao fronte do Opus Dei e o seu proceso de canonización concluíu a fase no Vicariato de Roma. Foi ordeado sacerdote en Madrid en 1944 por Leopoldo Eijo y Garay. Estivo na cidade de Vigo en dúas ocasións, en exercicios de meditacións nos colexios de Cluny e en Carmelistas.

Atlántico Diario

dev.opusdei.org/gl-es/article/alvaro-del-
portillo-recordando-en-fatima-vigo/
(11-08-2025)